



Área / Unidad MOVILIDAD URBANA MU1100C LFS	Documento 85119I0110	
Código de verificación 	Expediente 851/2025/80	
6T4V 6G1J 3A4M 5H3O 032S	Fecha 02-09-2025	

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2025

Asunto: Aprobación da convocatoria 2025 e autorización do gasto

RESOLUCIÓN

1. Antecedentes

O artigo 25 da Lei 7/85, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local establece que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e cataloga como competencias propias dos municipios, que deberán exercer nos termos da lexislación estatal e autonómica, o transporte colectivo urbano e a atención a persoas en situación ou risco de exclusión social.

No marco da provisión de servizos de transporte e mobilidade, o Concello da Coruña ten constancia de que unha boa parte da poboación en situación de discapacidade atopa dificultades para o uso do transporte colectivo. O Concello considera necesario ofrecerlle a esta poboación alternativas de mobilidade que lle permitan exercer os seus dereitos nas mesmas condición que o resto da poboación, e entende que ofrecer o transporte en taxi adaptado para as persoas con discapacidade que o precisen constitúe o medio máis adecuado para acadar este fin.

A concesión de axudas económicas é un dos principais instrumentos para a consecución dos obxectivos fixados nas políticas públicas. O Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o regulamento de Servizos das Corporacións Locais establece que *“as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local”*. Neste contexto a Concellaría de Infraestruturas e Mobilidade, co fin de reforzar o seu compromiso de apoio ás persoas con discapacidade ou mobilidade reducida, considera oportuno promover unha convocatoria específica de subvencións destinadas ao mantemento e conservación de taxis adaptados para persoas con discapacidade.

O outorgamento da subvención está suxeito ás prescricións da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), que no artigo 9 esixe a aprobación das bases reguladoras da subvención no marco das Bases de execución do orzamento, a través dunha Ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.



Cumprindo esta previsión legal, esta convocatoria efectúase conforme ao disposto na Ordenanza específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP da Coruña núm. 47 do 26.02.2008) e na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos (BOP da Coruña núm. 157 do 16.08.2024).

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència non competitiva, de acordo co establecido no artigo 22.1 da LXS, e a súa iniciación, de oficio, realizarase mediante a aprobación da convocatoria que se publicará no Boletín Oficial da provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, na Sede Electrónica do Concello da Coruña e na paxina WEB do Servizo de Mobilidade Urbana.

Para poder atender aos fins de interese social descritos, existe crédito axeitado e suficiente por importe de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000,00€) na aplicación 41.4412.479.01 do orzamento municipal en vigor. No caso de que se puidese incrementar como consecuencia dunha modificación orzamentaria, entenderase ampliada a contía global da convocatoria sen necesidade dunha nova aprobación.

Con todo, a efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de crédito dispoñible e ao acordo de modificación da contía da convocatoria.

3. Competencia

Segundo establece o artigo 127.1 g) LBRL a aprobación das bases da convocatoria e a autorización do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, quen delegou esta atribución na concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade mediante o acordo adoptado o 04.07.2024 e publicado no BOP da Coruña núm. 129 o 05.07.2024.

De acordo co informe que antecede, emitido no Servizo de Mobilidade Urbana, e facendo uso das facultades que a Xunta de Goberno Local me delegou mediante o acordo adoptado o 04.07.2024 e publicado no BOP núm. 129 do 05.07.2024,

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar con cargo á aplicación 41.4412.479.01 do orzamento en vigor o gasto de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000,00€) que supón a convocatoria específica para o mantemento e compensación dos gastos de taxis adaptados ás persoas con mobilidade reducida. A contía global para esta convocatoria poderá incrementarse sen necesidade dunha nova aprobación no caso de aumentar o crédito dispoñible. A efectividade da contía adicional queda condicionada a que se declare a dispoñibilidade de crédito e a que se aprobe unha resolución de modificación da contía da convocatoria.

Segundo.- Aprobar a convocatoria pública e as bases reguladoras para a concesión de subvencións ao mantemento e compensación dos gastos de taxis adaptados ás persoas con mobilidade reducida tal e como aparecen redactadas nos documentos que se incorporan ao expediente con códigos seguros de verificación 6J52 6409 054I 3TOY 12QF, para a versión en galego, e 1P48 0A5D 4P5C 1H61 13UL, para a versión en castelán, de acordo co establecido na Ordenanza específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP da Coruña núm. 47 do 26.02.2008) e na Ordenanza municipal



de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos (BOP da Coruña núm. 157 do 16.08.2024).

Terceiro.- Publicar un extracto da convocatoria no BOP da Coruña e o presente acordo nas páxinas WEB municipal e do Servizo de Mobilidade, xunto co texto íntegro das bases reguladoras da convocatoria e os requisitos que deben reunir as persoas beneficiarias da subvención.

Na data da sinatura dixital,

A concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade,
por delegación da XGL acordada o 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)